

As estafas por medio de facturas falsas seguen afectando ás administracións públicas de Galicia, e o mellor medio de defensa é **coñecer o perigo** e darlle toda a importancia que require:



Absolutamente **todas as entidades** que teñen fornecedores e deben pagarlles **están ameazadas** por este tipo de estafa.



Os cibercriminais poden facer estudos moi detallados das vítimas potenciais e dos seus fornecedores para que os seus **intentos** resulten **verosímiles** ao persoal encargado dos pagos.



O risco vaise reducindo canto mellor e máis detallado é o proceso de **xestión dos fornecedores**, e especificamente o **control das facturas**.

Polo tanto, antes de aboar unha factura é imprescindible:



Ter previamente **rexistrados os números das contas** dos fornecedores e **comprobalos** antes de facer calquera pago, independentemente de que a factura estea a chegar pola súa canle e coa aparencia habitual.



Validar as peticións de **cambio da conta de aboamento** por unha canle distinta de aquela pola que chega a petición (por exemplo, se chega por email, contrastalo mediante unha chamada telefónica).



Comunicar á entidade fornecedora e aos responsables no servizo propio **calquera sospeita** de irregularidades nunha factura antes de aboala.

Tamén é moi recomendable:



Dispoñer de **procedementos escritos** describindo a dinámica das operacións de pago na entidade. Os procedementos deben ser comunicados ao persoal implicado e cumpridos escrupulosamente.



Facer unha **revisión periódica**, como mínimo anual, deses procedementos para que estean actualizados e para que o persoal se manteña concienciado sobre os riscos.

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal